



O pasado 4 de decembro de 2009, tivemos a derradeira reunión do grupo de traballo para parir un novo Pacto de Vinculacións Temporais do Servizo Galego de Saúde.

Para CSI•F Sanidade é **prioritario que se axilicen as negociacións neste senso e se programe un calendario de traballo, para non dilatar máis unha negociación dun Pacto que a Central Sindical CSI•F**, denunciou hai xa máis de dous anos.

A nova proposta da Administración Sanitaria Galega para conquistar un Pacto máis axil, colisiona directamente coas propostas da CSI•F, presentadas dende un primeiro momento coa finalidade de conquistar un acordo de calidade que non se alongara no tempo. Alegacións que reiteramos e lembramos unha vez máis deseguido:

## Alegacións Pacto de Contratacións

Para conquistar un novo Pacto máis **transparente, áxil** na súa xestión, máis **simple e xusto**, que garanta unhas **contratacións de calidade**. Esta Central Sindical, de cara a negociación do novo Pacto, presenta as seguintes alegacións:

1. **Supresión Inmediata das listaxes de Poll, e de curta e longa duración de U.E.H.** *Os mecanismos de control postos ao longo do tempo, resultaron ineficaces polas múltiples perversións da maioría dos Centros que as xestionaron. Chegando moitos aspirantes a superar con creces o límite dos 10 días ao mes.*
2. **Supresión do punto 8.1**, referente o **descanso obrigatorio**. *A aplicación desta medida é totalmente arbitraria. Non podemos consentir este tipo de agravios reiterados. O motivo polo que xurdiu esta medida podería substituírse polo reflectido no punto seguinte.*
3. **Contemplación no futuro Pacto de un período de suspensión de chamamentos voluntaria**, a petición dos aspirantes, fóra dos períodos de indispoñibilidade. *Esta medida non só facilitaríala o movemento de listas, senón que conciliaríala a vida familiar e promoveríala a saúde dos integrantes das listas.*
4. **Convocatoria de listas abertas e permanentes, cun período anual de actualización de méritos**. *A incorporación de novos aspirantes tería que ter unha mini-bareación (poderíase aplicar á das listas automáticas no caso de categorías que requiran titulación para o acceso, e a ordeación pola idade para o resto de categorías), todo isto co fin de evitar as colas de horas que se producen si se incorporan con puntuación cero (xa que sería a ordenación por orde de entrada).*

5. **Transparencia nos chamamentos**, mediante acceso de todos os aspirantes das listas á información on-line e alomenos, información pública nas Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde, dos chamamentos, orde e tipo de vinculación adxudicada. Medida reclamada por CSI•F en reiteradas ocasións.
6. **Valorar a opción de circunscribir os chamamentos a unhas zonas específicas dentro das actuais Áreas de Saúde.** P.e. pola introducción de novos Hospitais na rede do Servizo Galego de Saúde ,(Verín Barbanza, etc.). Poderíase tomar unhas criterios: tempo de desprazamento ou ratio de km.
7. **Prazos prudentes de publicación de listas.** Tanto para as listas provisionais coma para as definitivas
8. **Mudar a puntuación pertencente ao Desemprego por outra que podería ser de dispoñibilidade en listas de contratacións dentro dos 3 últimos anos.** A finalidade desta medida é a de axilizar a baremación das listas.
9. **Xestión Listas Ámbito Autonómico:**
  - a) Realización da **proba teórico-práctica** para os grupos técnico superior ou medio, grupo técnico e de xestión da función administrativa e do persoal informático, **centralizada** e por unha sóa vez, **eximindo de dita realización:**
    - i) Os que posúan a titulación específica que se requira para determinados postos. (exemplo das categorías de informática, que teñen titulación en informática: Enxeñeiro em Informática (A1), Enxeñeiro Técnico en Informática (A2), FP rama informática (C1) ou aquelas outras categorías que estean relacionadas con unha titulación específica, p.e. Asesor xurídico que ten Dereito).
    - ii) Aqueles aspirantes que tiveran superadas con anterioridade outras probas prácticas de selección convocadas polo Servizo Galego de Saúde.
10. **Impulso á Promoción Interna**
  - a. Baixar o período mínimo de oferta de vinculacións a 1 mes.
  - b. En categorías de escasa contratación dar prioridade as listas de Promoción Interna sobre as de libre.
  - c. Ampliación do ámbito da P.I. nos chamamentos Autonómicos. *Facer chamamentos de ámbito autonómico, sen penalización no rexeite de vinculacións fóra do Centro de Xestión, pois doutra maneira estase a coartar a promoción profesional xa que ao limitar os contratos da Promoción Interna ao centro de xestión, nas categorías de ámbito autonómico con moi pouca ou escasísima contratación, redúcense dunha maneira drástica as posibilidades de contratación.*
11. **Implantación dunha formación específica, en condicións equitativas para os aspirantes de determinadas categorías con recoñecemento especial para poder acceder a listados especiais.** *Unha vez implantada esta medida, crear un listado especial, a maiores dos existentes nestes intres, de enfermería de Urgencias Hospitalarias e extender ao colectivo de Técnicos Auxiliares en Coidados de Enfermería as mesmas listas especiais.*

12. **Inclusión de todas as categorías no futuro Pacto de Contratacións:**  
FEAS, administrativos, técnicos de documentación clínica...
13. **Inclusión dos Terapeutas Ocupacionais no Baremo.**
14. **Tipificar un cadro de sancións similar ao do Estatuto Marco.** *Esta medida é para non condear á cadea perpetua aos traballadores excluídos dos chamamentos por apertura de expediente.*
15. En baremos de persoal diplomado, debería introducirse un apartado de **formación posgraduada.**

En Ourense a 18 de Xaneiro de 2010.

Atte: David Dios Núñez  
Vicepresidente da CSI•F sanidade de Galicia

**DIRECTORA XERAL DE RECURSOS HUMANOS E RELACIÓNS LABORAIS  
DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**